



ADDENDA AO CONVENIO PARA A CELEBRACIÓN DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DE PEMES "GALICIA AVANZA" PARA AS CONVOCATORIAS 2024 E 2025.

Dunha parte, Dona María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), por razón do seu cargo e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra parte, Dona Margarita Ardao Rodríguez, quen actúa en nome e representación da entidade Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., na súa calidade de vicepresidenta e conselleira delegada, en virtude dos poderes outorgados polo Consello de Administración de data 20 de xuño de 2024, elevados a público ante o notario de Santiago de Compostela D. Manuel Remuñán López segundo a escritura notarial de data 18 de xullo de 2024 e número 1703 do seu protocolo, polo que se delega no conselleiro delegado, para o seu exercicio, todas as facultades propias do Consello de Administración, a excepción feita das indelegables.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar a presente Addenda e, para tal fin

EXPOÑEN:

Primeiro. Que a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., asinaron o 17 de xaneiro de 2024, un convenio para regular a colaboración entre as partes no desenvolvemento das convocatorias 2024 e 2025 do programa de aceleración para internacionalización de pemes GALICIA AVANZA.

Segundo. Por resolución da directora xeral do Igape de data 3 de xuño de 2025, que se incorpora como anexo esta addenda, e en virtude das disposicións previstas no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, formalízase a asunción polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) das obrigas atribuídas á Axencia Galega de Innovación (GAIN) no convenio para a celebración do programa de aceleración de internacionalización GALICIA AVANZA, nas convocatorias de 2024 e 2025.

Terceiro. Que, en cumprimento do establecido no convenio de colaboración, as actuacións previstas para o exercicio 2024 foron executadas conforme ao calendario e obxectivos fixados, dando cumprimento ás obrigas recollidas no devandito instrumento xurídico. Non obstante, o convenio establece unha planificación plurianual que inclúe actuacións a desenvolver no exercicio 2025, para as cales resulta necesario garantir a continuidade da colaboración entre as entidades, asegurando así a execución completa do programa de actuacións previsto.

Cuarto. De acordo co establecido no convenio, a cuarta convocatoria do programa atópase actualmente en fase de execución. A resolución desta convocatoria e a posterior implementación das accións derivadas da mesma fan imprescindible a continuidade da colaboración establecida, co obxecto de cumprir cos compromisos adquiridos e garantir a correcta execución do programa, sendo necesario que Igape se subroga na posición de GAIN asumindo os compromisos xurídicos e económicos desta.

Estas modificacións foron acordadas e propostas pola Comisión de Seguimento do convenio na súa reunión do 30 de maio de 2025.

En consecuencia, as partes acordan subscribir esta addenda, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



Primeira. Modificación da cláusula segunda. Actuacións a realizar e obrigas da Axencia Galega de Innovación e do Instituto Galego de Promoción Económica

Queda redactada da seguinte maneira.

"Segunda: Actuacións a realizar e obrigas do Instituto Galego de Promoción Económica

O Igape asume as seguintes obrigacións:

I. No relativo ao desenvolvemento global da iniciativa e coordinación do programa:

- a) Participar na Comisión de Seguimento e no Comité Técnico.*
- b) Facilitar ao PTG S.A apoio na comunicación e difusión do programa a través dos seguintes medios:*
 - i. Facilitar ao PTG S.A. os seus logos e o seus nomes na publicidade e nos materiais e documentos, tanto físicos como virtuais, que se deseñen e editen relacionados coa difusión e execución do programa. Sendo obrigatorio o seu uso, xunto cos logos e nomes do PTG S.A., sempre coa supervisión e autorización previa de IGAPE ao contido e deseño destes materiais.*
 - ii. Incorporando unha ligazón de acceso directo desde a súa páxina web corporativa aos contidos da aceleradora de empresas na páxina web do PTG, S.A.*
 - iii. Dando acceso ás pemes que participen no programa ás redes xestionadas por aquel organismo, tales como redes de mentores, investidores, etc.*
- c) Seguimento da oficina técnica a través da Comisión de Seguimento para aprobación das cuestións necesarias propostas polo PTG S.A. como oficina técnica para a súa correcta execución, incluíndo aquelas tarefas precisas para correcto desenvolvemento técnico e económico do programa.*

Na fase 1 de Deseño do programa as seguintes:

- a) Definición dos criterios básicos dos servizos, experiencia previa, e capacidades das consultoras que prestarán os servizos de aceleración, e aprobación dos pregos técnicos de contratación de consultoría propostos por PTG S.A para que proceda a súa licitación.*
- b) Participación nas Mesas de contratación da consultora cun membro de IGAPE.*
- c) Participación, a través dun técnico de IGAPE, na comisión de expertos encargada da valoración das ofertas técnicas dos licitadores presentados ao concurso para a contratación da consultora.*

Na fase 2 de Programa de aceleración:

- a) Definición dos criterios para a elaboración por parte do PTG das Bases de cada convocatoria do programa de aceleración GALICIA AVANZA.*
- b) Como parte do Comité Técnico participará en cada convocatoria na*
 - Avaliación, valoración e selección de ata un máximo de 30 empresas beneficiarias do programa emitindo os correspondentes informes coa valoración obtida por cada un dos solicitantes.*
- c) Avaliación e validación das follas de ruta de fortalecemento elaboradas para cada peme participante individual segundo o informe realizado polo PTG S.A.*

II. Apoio na elaboración do plan formativo de capacitación transversal asociado á Fase 3 do programa proposto por PTG S.A.

III. Avaliación e validación dos contidos específicos do evento final de cada convocatoria da Fase 4 do anexo I.

IV. Definición e seguimento dun cadro de mando con indicadores chave da evolución global do programa así como do progreso de cada unha das follas de ruta das pemes participantes.

V. Contribuír á difusión da iniciativa a través dos medios propios.



VI. *Achegar os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio conforme ao previsto na cláusula relativa ao compromiso económico.*

VII. *Cumprir coas obrigacións específicas en materia de información sobre convenios.*

VIII. *Cumprir coas obrigas de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo segunda do presente convenio."*

Segunda. Modificación da cláusula quinta. Compromiso económico

O Igape asume todos os compromisos económicos asignados a GAIN. A addenda afecta aos compromisos económicos asumidos para as anualidades 2025 e 2026.

Modifícanse os seguintes parágrafos da cláusula quinta *Compromiso económico*, manténdose o resto de parágrafos inalterables.

"GAIN compensou ao Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. polos custos xerados con posterioridade á sinatura do convenio na anualidade 2024 por un importe de 130.682,21 € (108.001,83 € de base imponible máis 22.680,38 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.561A.640.0 e código de proxecto 2016.04 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para o ano 2024.

Igape compensou ao Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. polos custos xerados con posterioridade á sinatura do convenio na anualidade 2024 por un importe de 115.007,23 € (95.047,30 € de base imponible máis 19.959,93€ de IVE ao 21%) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0, e código de proxecto 2021.00014 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2024.

Igape compensará ao Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. polos custos xerados nas anualidades 2025 e 2026, coa seguinte distribución:

En 2025, ascenderá a 1.436.000 € coa seguinte distribución:

- *1.100.000 € (909.090,91 € de base imponible máis 190.909,09 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación 09.A1.561A.640.0, e código de proxecto 2025 00005 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2025.*
- *336.000 € (277.685,95 € de base imponible máis 58.314,05 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0, e código de proxecto 2021.00014 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2025.*

En 2026, ascenderá a 482.000 coa seguinte distribución:

- *350.000 € (289.256,20 € de base imponible máis 60.743,80 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación 09.A1.561A.640.0, e código de proxecto 2025 00005 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2026.*
- *132.000 € (109.090,91 € de base imponible máis 22.909,09 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0, e código de proxecto 2021.00014 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2026.*

(...)

Para o aboamento dos importes das anualidades 2025 e 2026 o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. presentará a Igape as facturas conforme se indica na táboa seguinte:



PRAZOS	XUSTIFICACIÓNS	Importes máximos totais (IVE incl.)	Importes máximos 09.A1.561A.640.0 (IVE incl.)	Importes máximos 09.A1.741A.640.0 (IVE incl.)
Antes do 31/03/2025	2º xustificación e informe final convocatoria 2024	809.000,00 €	619.707,52 €	189.292,48 €
Antes do 30/11/2025	3º xustificación e informe intermedio convocatoria 2025	627.000,00 €	480.292,48 €	146.707,52 €
Antes do 31/03/2026	4º e última xustificación e informe final convocatoria 2025	482.000,00 €	350.000,00 €	132.000,00 €

(...)“

Terceira. Modificación da cláusula sétima. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control do convenio

A Axencia Galega de Innovación, deixará de ter representación na Comisión de Seguimento e Coordinación, sendo opcional para o Igape designar novos membros para substituír os que son baixa por parte de GAIN.

Cuarta. Modificación da cláusula oitava. Comité técnico

Elimínase aos representantes da Axencia Galega de Innovación do Comité Técnico, sendo opcional para o Igape designar novos membros para substituír os que son baixa por parte de GAIN.

Quinta. Modificación do Anexo II de documentación a presentar por parte do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

No Anexo II do convenio, o parágrafo relacionado coa distribución do compromiso económico e o importe a facturar a cada entidade en cada xustificación modifícase quedando redactado da seguinte maneira:

“Tendo en conta o compromiso económico de GAIN e Igape para o financiamento das actuacións (1.600.000 € de GAIN e 600.000 € de IGAPE) o importe a facturar en cada xustificación de cada unha das anualidades responde a unha distribución conforme se indica na cláusula quinta, e que se corresponde porcentualmente da seguinte maneira:

- *No exercicio 2024:*
 - 53,19 % facturáronse a GAIN
 - 46,81 % facturáronse a Igape
- *No exercicio 2025:*
 - 100 % factúrase a Igape
- *No exercicio 2026:*
 - 100 % factúrase a Igape”

Sexta. O resto de cláusulas do convenio asinado o 17 de xaneiro de 2024 permanecen inalterables e terán plena validez.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente Addenda o 19 de xuño de 2025.

Por Igape

Por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

María Jesús Lorenzana Somoza

Margarita Ardao Rodríguez